



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A
AXENCIA DE NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS DE PALESTINA
EN ESPAÑA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO “GARANTIR UN
NIVEL DE VIDA DIGNO PARA A POBOACIÓN REFUXIADA DE
PALESTINA QUE VIVE EN ABSOLUTA POBREZA”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia, e xeográfico, os territorios ocupados palestinos no destino de este tipo de axuda.

(2) Antecedentes:

A situación nos territorios ocupados de Palestina e concretamente na Franxa de Gaza, é crítica dende fai varios anos, os continuos enfrontamentos e bloqueo do Goberno Israelí ten sumida á poboación palestina nunha crise humanitaria de longa duración.

No ano 2010 asinouse coa UNRWA un Memorando de entendemento a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de cooperación e axuda humanitaria para contribuír a mellorar as condicións de vida dos refuxiados palestinos. En concreto, desenvolveuse un plan operativo en apoio ao programa de seguridade alimentaria de nenos e nenas na franxa de Gaza que obtivo moi bos resultados. O importe deste plan operativo foi de 20.000 €.

No ano 2011, trala extinción da FAHG, retomouse o apoio a esta Axencia das Nacións Unidas dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinándose un convenio de colaboración para apoiar o programa de “compensación alimentaria escolar da UNRWA en Gaza” por importe de 25.000 €.



No ano 2012 apoiouse novamente o citado programa de compensación alimentaria escolar en Gaza, coa sinatura dun convenio por importe de 25.000 €.

No 2013, en substitución do programa de compensación alimentaria escolar, suspendido tras unha nova ofensiva militar Israelí, asinouse un convenio para o apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na Franxa de Gaza, por importe de 10.000 €.

No 2014 asinouse un convenio para dar continuidade ao noso apoio ao programa de compensación alimentaria familiar para reducir o impacto do bloqueio sobre as familias refuxiadas máis necesitadas, por importe de 20.000 €. Ademais o empeoramento da situación en Gaza, despois da operación Protective edge, fixo que se asinara un segundo convenio para brindar apoio psicosocial ás vítimas, por importe de 19.975 €.

No 2015 e 2016 mantívose o apoio da Xunta de Galicia ao programa de seguridade alimentaria para as familias coa firma de dous convenios anuais, cun importe de 20.000 € cada un.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á asistencia humanitaria á poboación palestina, tense previsto formalizar coa Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina, UNRWA España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por **obxecto** mitigar o impacto da inseguridade alimentaria entre os refuxiados de Palestina da Franxa de Gaza nunha situación de maior vulnerabilidade, a través do apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na franxa de Gaza, coa finalidade de mellorar a seguridade alimentaria da poboación mais vulnerable, dando acceso a alimentos de primeira necesidade con valores calóricos elevados.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. do 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

